

O Casino

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

Neste trimestre non houbo apenas actividade por mor das vacacións de verán. É unha época na que é difícil xuntar á xente porque hai moitas actividades en todas partes e os propios socios andan por aí espallados. Non obstante, despois destas vacacións volvemos ao "traballo" con novas e reforzadas ganas de facer cousas.

De todas formas seguimos tendo un problema de participación, polo que agradeceríamos que na vindeira asemblea trimestral ou ben directamente a calquera membro da directiva nos fixerades saber que actividades vos gustaría que preparásemos e organizásemos.

Neste trimestre, se tes cámara de fotos, tanto dixital como analóxica, tes unha boa oportunidade de pasalo ben, participando no II Maratón Fotográfico San Martiño de Couso, que está subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra con 427 €. Haberá bos premios e regalos.

Retomamos tamén a actividade de sendeirismo, que xa estaba asentada na nosa programación, pero que sufriu tamén o parón do verán. Coñeceremos algúns dos principais sendeiros do noso entorno.

Temos tamén previsto facer o tradicional magosto do día de San Martiño.

Compre que a xente se apunte para organizar e participar no festival de

Nadal, para que non teñan que ser sempre os mesmos os que o fagan.




Neste exemplar:

- 1 Limiar
- 2 Programación trimestral
- 4 Colaboracións literarias (Noelia e Mari) •
Recetas de Couso (Puri) • Actividades realizadas
- 5
• Charla de D. Antonio Ribeiro (Montse)

Lembrade tamén que a Biblioteca segue a funcionar, tódolos venres. Agora, en inverno o seu horario será de 21'00 a 22'30 horas. No número anterior xa vos mandamos o catálogo de libros e vos teremos ao corrente das novas adquisicións.

Neste número publicamos na sección de colaboracións literarias as poesías presentadas por Montse e máis Lolo ao concurso de poesía celebrado con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, dedicado este ano a Lorenzo Varela. Tamén seguimos coa sección de receitas, esta vez obra de Estrella.

PROGRAMACIÓN CULTURAL

<p>Domingo, 23 de outubro, ás 9'30 horas</p>	<p>II Maratón Fotográfico San Martiño de Couso</p>  <p>Concurso fotográfico consistente en facer un número de fotos nun tempo determinado sobre temáticas decididas polos organizadores, ás veces coñecidas de antemán polos participantes e ás veces comunicadas no momento. O prazo de inscrición remata o venres, 21 de outubro</p>
<p>Sendeirismo</p>  <p>Retomamos esta actividade cun paseo polos arredores de Couso.</p>	<p>Domingo, 30 de outubro, ás 9'30 horas</p>
<p>Domingo, 6 de novembro, Ás 10'00 horas</p>	<p>Recorrido micolóxico</p>  <p>Recorrido en busca de cogumelos polos montes de Couso, co asesoramento dun experto.</p>
<p>Festa de San Martiño</p>	



Celebración do tradicional magosto de San Martiño.

13 de novembro

Venres, 18 de novembro,
ás 21'00 horas

**Charla sobre a restauración dos
muíños de Cans**



Os encargados da restauración dos muíños de Cans e doutras parroquias do Porriño darán unha charla sobre a súa experiencia

4º TRIMESTRE 2005

Domingo, 20 de novembro,
ás 9'30 horas

Sendeirismo



Seguiremos un tramo do Sendeiro das Greas, perto de Couso.

Festa dos maiores



Serán de homenaxe ós nosos maiores con diversas actividades e paparota.

Domingo, 27 de novembro,
a partir das 18'00 horas.

Sendeirismo



Sendeiro Histórico de Mos (17 km e 5-6 horas coas paradas)

Domingo, 11 de decembro,
ás 9'30 horas

No Nadal

Festival de Nadal



Celebración do Festival de Nadal, con actuacións diversas.

Colaboracións literarias

**Quédate soidade
non me deixes solo
timón do meu barco
berce dos meus soños
ti que non sintes nada
Pero que o sabes todo
romántica amante
dun corazón loco.**

Receitas de Couso

Spaghetti en salsa

Ingredientes para 6 persoas:

½ kg de spaghetti
2 cenorias
2 porros
1 cebola grande
Salsa de tomate caseira
Aceite de oliva
Sal

½ kg de carne picada

Preparación: picar a cebola, os porros e as cenorias, rehogar no aceite, poñer sal, engadir a carne e deixar que se faga a fogo lento removendo de cando en vez.

Engadir a salsa de tomate e dar unhas voltas.

Cocer aparte en auga fervendo con sal os spaghettis, escorrer e mesturar coa salsa ben quente, dar unhas voltas e deixar repousar de 3 a 5 minutos.

Puri

Actividades realizadas

Domingo, 10 de xullo: Festa da Bicicleta. Participaron 15 persoas de tódalas idades. Houbo avituallamento líquido e sólido e bidóns de auga cedidos por Deportes Carballido.

Sábado, 17 de setembro: fíxose unha convocatoria para realizar unha limpeza o local e do seu entorno. Non houbo moita participación.

A excursión programada para o domingo, 4 de setembro non se puido realizar por mor das inclemencias meteorolóxicas, aínda que había xente de abondo apuntada. Queda para mellor ocasión.

PARTICIPADE:

**Para facerse socios só
hai que poñerse en
contacto con algún
membro da Directiva da
Asoc. Cultural.**

**Podedes achegar tódalas
vosas colaboracións e
deixalas no buzón da
Casa Cultural ou darllas
a calquera membro de
Directiva**